

MAGARIÑOS, GADAÑADO

Vai facer un ano que iste bon amigo nos diexou pra sempre. Tamén vai facer catorce, unha serán luminosa e morna do mes de San Xuán, entrei en Negreira collido da man do Destiño, sin coñecer nista vila mais que tres ou catro estudantes que me tiñan falado trancas e barrancas d'este pobo en que iles naceran.

Un d'estes rapaces era Xulián M. Magariños Negreira, quen por entón tería uns 18 anos, pero xa pensaba nos probemas de Galicia con verdadeiros anceios de llos pranteear a fondo aos homes antergos. Iste probemas tiñan a incónita dechán: na Xeografía, na Economía ou no Dreito, e Magariños emprecipou axiña a adicarse ao seu estudo.

Era ademais un namorado da Hestórea, da Literatura e da Música. O seu violín, como dixo Bécquer na rima «Xenio», poida ser que silencioso e cuberto de polvo durma nun ángulo da casa, ollando preto, moi preto, a xáciago en que pra sempre repousan os restos do músico que tanto o ten peneirado.

A sua muller, o seu fillo e seu pai, coidan que á de vir unha man de neve a limpalo.

Eu tamén coido que ei de voltar a ter con aquel mozo lanzal, algunha discusión encol dos Tamaricos e Presamarcos, da Vía-Lucrosa, da Ponte Pías, das Torres d'Altamira, dos nomes de Nicraria e Barca-Alá, etc., etc.

Unha serán de ledicia e de sol, camiño do Tambre, polo meio dos piñeiraes que hoxe se decatan da falta das visitas de Magariños, aquel amigo leume o oxixinal dunha noveliña que tiña esquirta dende facía algún tempo. Pideume parecer, e dinlle sinxelamente. Pra min «O Kalivera 30 H.P» tiña un méreto verdadeiramente grande; primeiro, por decatarme de que aquel irmán era un albre de boa madeira; segundo, porque o froito d'este albre rendía a personaxes que como eu chorán agora a morte d'aquel compañoiro que deixou após de si unha estela de galeguismo en todo o Val de Barcala.

Algún tempo dimpois apareceu en LAR «O Kalivera 30 H.P» sendo ben acollido da Prensa en xeral.

Dimpois escribeu Magariños «O Filósofo de Tamarica», inspirado nun vello de Vilachán que, inda que non sabía ler, sabía moitas cousas que non aprendemos os que sabemos ler, até que a cachola nos emprecipa a frolicear. O punto mais forte da sua cencia eran os aforismos.

Por si estas duas obrñas non son d-abondo pra que o nome de Magariños sexa ben coñecido, ahí está o «Vocabulario popular Galego-Castelán», recollido por il na compañía de: Filgueira Valverde, Tobío Fernández e Corral Carús, o cal pon de releve o valimento d'aquel rapás que apóis de si deixou: un fillo, tres libros e moitos albres, cumprindo así co aforismo do «Filósofo de Tamarica» que decía «Quen queira deixar após de si quen o lembre, que prante un albre, escriba un libro, ou teña un fillo».

Quen como Magariños deixa as tres cousas, ben se pode asegurar que non viveu inútilmente.

En Septembre do 27 o Destiño separoume pra sempre do xeneroso pobo de Negreira.

Alí quedaba Magariños disposto a loitar por Galicia. Por entón era un soldado con galóns de primeira, que axiña merecería unha estrela de seis puntas.

A distancia, os anos, e a falta de noticias, fórrome distanzando cada día mais d'este e de outros amigos que tantas vegadas desexei acarón de min pra me axudar a defender Galicia das língoas que ainxurian sin coñecela.

Un día en Ourense, alá polo ano 30, cando eu vivía no corazón da NOSA TERRA; esa terra meiga que perdín sin decatarme, un dos millores amigos de Magariños —Gómes Reino— díxome que o noso amigo tiña moi pouca saude, mais isto non me induceu a pensar que a fouce tivese forza d-abondo pra segar a vida d'aquel irmán que xa fai un año dorme o sono sin sono.

Dende entón non voltei a saber ren de tan bon amigo, até que o ano pasadoachei no Pobo Galego un artigo de Xan Carballeira dedicado a Magariños con motivo da sua morte.

Xan Carballeira foi o primeiro en tributarlle o seu homenaxe de admiración por medio dunhas liñas de sinxelo door.

Ao cumplirse o primeiro aniversario, eu non podo por menos de lembrar a Magariños, poñendo o pensamento n'aquelas parolas d'Homero que din «Un amigo verdadeiro vale tanto como un irmán». Por tal tiña a Xulián Magariños.

Mieres (Asturias) Xunio 1935.

M. Bergueiro López

Poema breve

Nadie amó como Jesús; su pecho santo,
aún después de su agonía, amaba tanto,
que un soldado compasivo o por instinto
abrió brecha al amor de aquel recinto,

y brotaron de la herida los raudales
que inundaron los enojos celestiales,
y sellaron con la sangre del Ungido
aquele pacto entre el hombre redimido
con el Dios de los destinos eternales.

R. Salgado y López-Quiroga